



INFO-GUÍA VISITAS ESCOLARES

Exposición
'A BALEA NEGRA'
5 outubro 2012 – 31 marzo 2013

'MISIÓN BALEA (acción!)
Un programa educativo para escolares
Ciclo: educación SECUNDARIA (de 12 a 16 años)

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Este avance é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada A BALEA NEGRA, a mostra conmemorativa do 10º Aniversario do MARCO, que ocupa as salas da planta baixa dende o 5 de outubro de 2012 ata o 31 de marzo de 2013.

A BALEA NEGRA é un proxecto que toma como punto de partida a crise provocada polo accidente do *Prestige* o 13 de novembro de 2002 —o mesmo día que se inauguraba o MARCO— para, a través de obras de artistas contemporáneos e de abundante material documental, abordar algunhas cuestións clave do mundo actual, como a explotación da natureza e a necesidade de conservar os recursos naturais.

'MISIÓN BALEA (acción!) é o nome xenérico do programa educativo que se desenvolve en paralelo a esta mostra, sacando partido do contacto directo coas obras en salas, e das múltiples posibilidades educativas que ofrece esta exposición. Todas as actividades están especialmente adaptadas ás idades dos participantes, con propostas diferenciadas para os grupos de infantil, primaria e secundaria/bacharelato.

A **visita e obradoiro de Secundaria** ten unha duración aproximada de **1 hora e 15 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Temos seleccionado algunhas obras e preparado unha **visita á exposición**, deseñada para sacar o máximo partido ás posibilidades didácticas que ofrece esta exposición ao alumnado de secundaria e bacharelato. O percorrido comprende distintas paradas, que poden variar lixeiramente en función do tempo dispoñible e das necesidades de cada grupo. A visita concíbese como un diálogo ou conversación, e fronte a cada obra vanse formulando **preguntas** para que sexan os participantes quen es vaian extraíndo as súa propias conclusións sobre o que están percibindo.

A visita complétase cun **obradoiro no 'Laboratorio das Artes'** —o noso espazo de didáctica no primeiro andar—, que resume algunhas claves que fomos recollendo e anotando no noso percorrido por salas.



'A BALEA NEGRA'

Posibilidades didácticas

Neste ano 2012, o MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, cumpre dez anos dende a súa apertura ao público. A BALEA NEGRA é un proxecto concibido como conmemoración do décimo aniversario do Museo, que toma como punto de partida a coincidencia desa data co accidente do petroleiro **Prestige** nas costas de Galicia, 240 millas ao oeste de Fisterra, o 13 de novembro de 2002, o mesmo día que se inauguraba o MARCO.

A exposición parte desta realidade concreta, da crise do *Prestige* —que, como nos demostran as hemerotecas, foi un dos momentos, social e politicamente, máis intensos das últimas décadas— para contextualizala e interpretala nun marco máis amplo. Así, tomando á **industria petrolífera** e os múltiples factores que a rodean como unha das principais manifestacións visibles das sociedades contemporáneas, o proxecto ábrese a temas diversos como a explotación da natureza, o mito do progreso indefinido, a globalización ou a guerra.

A BALEA NEGRA combina abundante **material documental** —prensa, fotografías, obxectos, testemuños, vídeos, pezas gráficas...— con máis de cincuenta **propostas artísticas** en diversos soportes, dende pezas históricas ata obras máis recentes. Xunto aos episodios relacionados con Galicia, o proxecto reúne obras vinculadas a **lugares tan dispares** como Alasca, Estados Unidos, Iraq, México, Venezuela, o Cáucaso ou Nixeria. A mirada orixinaria a un acontecemento local remata por se converter nunha visión panorámica do mundo contemporáneo.

Dende o punto de vista **temporal**, remite a múltiples momentos históricos que van dende o **pasado** remoto no que se orixina o petróleo, ou a súa explotación e distribución, ata visións sobre un **futuro** incerto, ou a crítica social máis enraizada no **presente**. Todo isto permítenos tratar **cuestións medioambientais, ecolóxicas, xeopolíticas, económicas**, xunto a nocións como o activismo a través da arte, ou o papel do voluntariado.

A BALEA NEGRA non pretende ser un discurso moralizante sobre o medio ambiente, senón unha metáfora da **complexa relación do ser humano coa natureza**. En palabras do comisario, Pedro de Llano, "traer ao presente a historia do *Prestige* reanima este debate, enlaza co ciclo de protestas actual e pon de manifesto a fragilidade do noso modelo de progreso nun momento crítico chamado a redefinir a idea da modernidade, así como unha escala de valores alternativa".

Nesta exposición, a **variedade de soportes** e medios utilizados —pintura, fotografía, escultura, vídeo, cinema, debuxo, instalacións...— fai que entren en xogo todos os sentidos, facilita o percorrido por salas e aumenta o seu potencial educativo. Máis aló dos obxectivos xerais dun mellor **coñecemento** e **disfrute** da arte contemporánea, e do fomento das capacidades de **percepción**, a idea clave na visita e obradoiro de secundaria é contribuír a unha **reflexión** sobre o mundo no que vivimos, en especial no que se refire á explotación dos recursos, e sobre posibles **accións** individuais e de grupo para protección do medio natural.

A VISITA Á EXPOSICIÓN

Resumo guión visita SECUNDARIA

Nota: esta guía é orientativa. Tanto os contidos específicos do guión de la visita, como a orde do percorrido, poden variar en función do tempo dispoñible, do número de participantes, das necesidades de cada grupo e do propio desenvolvemento da visita.

Parada 1: vestíbulo


Introducción/benvida

A través dunha conversa aberta co grupo introdúcese a idea do MARCO como centro de arte, e en que consiste unha **exposición temporal**. Convidase a participar nas actividades a través da observación, a experimentación, a reflexión e o diálogo.

Parada 2: vestíbulo interior

'Unha balea negra no MARCO'

O punto de partida sitúase na entrada á exposición, con dúas pezas de grande carga simbólica: un cranio de cetáceo intervindo por Man —o 'alemán de Camelle' cuxo soño premonitorio serviu de inspiración para o título *A balea negra*—, xunto ao único fragmento que se conserva do petroleiro. A isto únese o título da exposición e a súa imaxe gráfica, tomada dun tratado de zooloxía do século XVI.



Cranio de cetáceo procedente da Casa-Museo de Man en Camelle

Bitá do *Prestige*. Museo do Mar de Galicia, Vigo

Ceto Barbato [Conradi Gesneri. *Historiae animalium liber III qui est de piscium et aquatiliu animantium natura*, 1558]

- Lemos as cartelas e suscitamos preguntas sobre o título da exposición: 'A BALEA NEGRA'. Preguntámonos que quererá dicir, con que se relacionará, e se terá algo que ver coas pezas que se mostran aquí. Sumamos a elas a imaxe gráfica da exposición.
- Relatamos brevemente a historia do sono de Man: pouco despois de que o *Prestige* naufragase no medio dun temporal, contaba que unha xigantesca balea negra se lle aparecera en sonos, arrasando a Costa da Morte, como unha especie de *Godzilla* occidental...
- Falamos de seres mitolóxicos, e onde atopamos referencias sobre eles: fontes históricas, mapas antigos, cómics, novelas, películas...
- Tamén, das baleas famosas que coñecemos, por ex. *Moby Dick*. De que nos fala a novela de Herman Melville?

Conceptos clave: introdución ao significado do título da exposición. A relación de imaxes e símbolos. Literatura e imaxes.

Parada 3: Patio A1

'Un pequeno exercicio de memoria'

A primeira sala está dedicada ao **Prestige** como acontecemento histórico; o seu contexto, naufraxio e efectos. Pinturas de **Antón Patiño** dos anos oitenta dialogan coa famosa fotografía de **Xurxo Lobato** e con todo un conxunto de materiais —vídeos, recortes de prensa, publicacións, obxectos, escritos, pezas gráficas— que serven como base documental. A marea negra que arrasou e contaminou as costas galegas foi o detonante dunha mobilización social que esixiu que **'nunca máis'** volvese acontecer algo parecido, e que discorreu en paralelo ao ciclo de manifestacións que se viviron daquela en España en contra da intervención na segunda guerra de Iraq, provocada en boa medida polo control dos recursos petrolíferos en Oriente Medio.



Exposición 'A balea negra'. Vista xeral Patio 1

- Preguntámonos se todo o que hai dentro dun museo é unha obra de arte. Intentamos identificar nesta sala o que para nós serían pezas artísticas, e razoamos as respostas.
- Outros obxectos e materiais, como poderíamos cualificalos, e por que estarán aquí?
- Observamos os dous cadros e analizamos a súa composición, cor, materiais, motivos.



Exposición 'A balea negra'. Detalle Patio 1

- Comparamos a data da fotografía de Xurxo Lobato e das pinturas de Antón Patiño: cal é anterior?
- Centrémonos na fotografía: por que obtería un premio?; que tipo de premio?
- Sabemos se o *Prestige* foi o único petroleiro que afundiou nas costas de Galicia? Buscamos nesta sala datas de acontecementos similares.
- Deducimos o sentido da fotografía de Lobato colocada xunto a unha bandeira coa frase 'NUNCA MÁIS'. Que ten de particular esta bandeira de Galicia, neste contexto?


A continuación, repartimos entre os participantes lapis e follas de papel nas que irán anotando palabras, eslógenes ou frases curtas que aparecen nas pezas que se exhiben nesta sala. Por ex. *Prestige*, *petroleiro*, *estaleiro*, *'Nunca máis'*, etc.

Conceptos clave: acontecemento histórico, o pasado, documentación. Mensaxes e eslógenes

Parada 4: Patio A2

'Luces, cámaras... acción!'

Outro núcleo do relato expositivo sitúase no segundo patio, co trasfondo das obras de **Allan Sekula**, que se presentan xunto á serie fotográfica de **Manuel Sendón**, a pancarta de **Andrea Bowers** e **Mavis Müller** como emblema do activismo en Alasca, e a carga crítica da película de **Alberte Pagán**, que se exhibe ao fondo da sala. A pancarta coa lenda 'Alaskans Still Fighting for the Earth' [Os habitantes de Alasca aínda loitan pola terra], realizada pola activista Mavis Müller, estivo pendurada dun barco de pesca durante as protestas contra o accidente do Exxon Valdez (1989), e converteuse en emblema das mobilizacións e loitas medioambientais en Alasca.



Andrea Bowers & Mavis Müller. *Alaskans Still Fighting for the Earth*, 2009 / Allan Sekula. *Black Tide/Marea Negra*, 2002

- Preguntámonos se esta sala ten relación coa que acabamos de ver. Que é o que nos contan estas fotografías? Quen son os protagonistas?
- Falamos do concepto de voluntariado. Analizamos as fotografías e comentamos as emocións que nos transmiten os rostros dos voluntarios fotografados por Sekula.
- Coñecemos o termo 'marea negra'?; que significa?
- Intentamos traducir o lema ou eslogan desta pancarta, reflexionando sobre a súa función e o lugar onde se situou orixinariamente. Foi pensada para ser exhibida nunha sala de exposición?



Manuel Sendón. *Cuspindo a Barlovento*, 2002-2003

- Moitas veces, con só fixarnos no título xa estamos obtendo información sobre as obras. Por ex., esta serie de fotografías leva por título *Cuspindo a barlovento*. Que podemos deducir deste título?
- Falamos do mito de Sísifo (mencionado por Allan Sekula na súa obra *A lotaría do mar*), e preguntámonos se unha historia como esa pode ter algunha relación co que se conta nesta sala.

Anotamos palabras, eslóganos ou frases curtas relacionadas coas pezas desta sala, por ex. o texto da pancarta de Mavis Müller, *marea negra*, *Alasca*, *barlovento*, etc.

Conceptos clave: voluntariado, acción.

Parada 5: Patio A3

'O museo do chapapote'

Xunto a pezas testemuñais sobre a pesca da balea e os debuxos de **El Roto**, o terceiro patio acolle un conxunto escultórico de **Mark Dion**, no que unha serie de animais disecados aparecen cubertos de chapapote como símbolo da explotación sistemática da natureza característica das sociedades contemporáneas. O alcatrán é para Dion un símbolo da transformación da materia utilizada nos procesos industriais e alterada a través da biotecnoloxía. Esta obra apunta á parte máis destrutiva da apropiación da natureza. Unha forma de contemplación na que o que debería ser a observación da vida se converte, de feito, nun estudio sobre a morte.

Para comezar, facémonos unha idea xeral da sala e das pezas que contén: animais 'disecados', arpón, mandíbula de balea, documentación, mapa... En principio, se non soubésemos que estabamos no MARCO poderíamos atoparnos noutro tipo de museo?; cal?



- Observamos con atención os animais e preguntámonos se están en realidade disecados ou son reproducións.
- Comentamos o significado dos termos 'escultura' e 'estatua'. Poderíanse cualificar así estas figuras? Razoamos as respostas.
- Debates sobre posibles significados das caixas de embalaxe e da etiqueta 'fráxil' neste contexto.

Mark Dion. *The Tar Museum* [O museo do alcatrán] (detalle), 2006



- Lemos as frases contidas nas viñetas de El roto: que intención teñen?
- Pensamos noutros autores que coñezamos que utilicen este formato viñeta + debuxo + texto, por exemplo nos medios de comunicación.
- Podemos relacionar algunha destas imaxes cos animais de Mark Dion?
- Reflexionamos sobre o contido crítico destas obras.
- Falamos do petróleo como fonte de enerxía, e sobre se esta materia prima pode desaparecer ou esgotarse algún día.

El Roto. *Sin título*, s. d.

Anotamos palabras, eslóganos ou frases curtas relacionadas coas pezas desta sala, por ex. *riqueza, mercurio, costa, animal, fráxil, disecado*, etc.

Conceptos clave: consecuencias dos verquidos. Protección dos recursos e do medio ambiente. O futuro.

Parada 6: Galería A1

'Sentidos en alerta'

As obras desta sala aluden a episodios relacionados coa industria petrolífera no continente americano, o seu impacto sobre as comunidades, e os seus efectos sobre a paisaxe. Centrarémonos en dúas pezas de Marcela Armas e na obra *The Postpetrolistic Internationale [A Internacional Postpetroleira]*, dos suízos **Christina Hemauer e Roman Keller**, consistente nunha instalación e un vídeo no que coros locais de varios lugares de Europa interpretan unha canción de esperanza "en acción" coa industria local como pano de fondo.



Marcela Armas. *Estanque*, 2006

Nesta peza de Marcela Armas, o que aparenta ser un espello ou superficie pulida é en realidade un 'estanque' de aceite de motor usado no que flota unha agarradoira de coche. Isto dá-nos pé para un exercicio de sinestesia no que entran en xogo varios sentidos.

O que os nosos sentidos perciben non sempre coincide coa realidade: sólido ou líquido?; inodoro? Analizamos as sensacións conxuntas que percibimos fronte a esta obra.



Marcela Armas. *Exhaust*, 2009

- Dedicamos uns minutos a observar a outra obra de Marcela Armas nesta sala, que inclúe un vídeo documental e unha fotografía.
- En que consiste a acción que se leva a cabo no vídeo e que recolle a fotografía?; que nos quere contar?
- O título da obra ofrece tamén algunhas pistas sobre o seu contido: falamos do dobre significado do termo *Exhaust* en inglés [v. 'cansar', 'esgotar' / n. 'tubo de escape']



Christina Hemauer & Roman Keller. *The Postpetrolistic Internationale*, 2009-2012

- Dirixímonos ao fondo da sala, repartimos entre o grupo unha estrofa da 'Internacional postpetroleira' e lémosla en alto: que mensaxe nos transmite?; é un himno?; tenta chamar a atención sobre algo?
- Vinculamos o vídeo co estrado de madeira. En que lugares están gravadas as actuacións dos coros?; por que?

Anotamos palabras, eslóganos ou frases curtas relacionadas coas pezas desta sala, por ex. *gas*, *tubo de escape*, *estanque*, *cambio climático*, *despilfarrar*, *enerxía*, etc.

Conceptos clave: percepción, sentidos, narración audiovisual, accións colectivas.

Parada 7: Galería A3

'Imaxes + palabras'

Esta sala pon o acento sobre o continente africano, coa obra de Hans Haacke e os traballos de autores como **Osodi** e **Hazoumè**, que trataron os abusos das compañías petrolíferas en Nixeria, nunha sección que se articula en torno á figura do poeta e escritor nixeriano **Ken Saro-Wiwa**. As imaxes de Osodi e Hazoumè traducen en imaxes a realidade á que Saro-Wiwa se enfrontou. Ao fondo, o mural de Tiravanija funciona como utópica chamada á esperanza e á acción nun futuro cheo de incertezas.



George Osodi. *Oil Rich Niger Delta*, 2003-2010

- As fotografías de George Osodi recollen escenas da zona do delta do río Níxer, onde episodios como os do *Prestige* se producen de forma reiterada dende hai máis de trinta anos.
- Están pousando, ou son máis ben o tipo de fotografías que vemos na prensa?; son fotos feitas nun estudio?
- Que podemos dicir das condicións de vida destas persoas?



Romuald Hazoumè. *Bagdad City*, 1992 / *Internet*, 1997

- Fixémonos agora nos 'retratos' do artista africano Romuald Hazoumè.
- Identificamos os elementos que os compoñen, analizamos os seus títulos, e pensamos no sentido que pode ter o feito de converter bidóns de gasolina en rostros humanos.

O activista Ken Saro-Wiwa foi un dos primeiros en denunciar esta situación, e foi executado polo goberno nixeriano en 1995. '*Señor, leva a miña alma, pero a miña loita continúa*', foron as súas últimas palabras. Buscamos esa frase nesta sala. Que significa 'activista'?; Vimos durante a visita algunha outra mensaxe ou frase situado na parede?; Hai algunha outra nesta sala?



Rirkrit Tiravanija. *untitled 2009 (less oil more courage)*, 2009

- Que significa OIL en inglés? 'Petróleo', e tamén 'óleo', 'pintura ao óleo'. Entre todos traducimos a frase completa 'LESS OIL, MORE COURAGE', e preguntámonos sobre o seu significado neste contexto.

- En que outro lugar vimos esta mesma frase durante toda esta visita? Se se mostra rotulada sobre unha parede ou impresa nunha camiseta, poderíamos dicir que é a mesma obra sobre distinto soporte?; cambia a súa intención?

Utilizamos de novo as nosas follas de notas para escribir palabras, eslóganés ou frases curtas relacionadas coas pezas desta sala, e gardamos en mente os termos LESS/MENOS e MORE/MÁIS.

Conceptos clave: retrato, reciclaxe, eslogan, accións para un futuro mellor.

O OBRADOIRO NO LABORATORIO DAS ARTES

'Mensaxe nunha botella'

A continuación, o taller que ten lugar no espazo de didáctica do 1º andar servirá como conclusión de todo o visto e experimentado durante a visita. Un exercicio de creación, que combina palabras e imaxes, e que se converterá en nosa particular chamada á acción, contida nunha concisa mensaxe.

O taller de secundaria combina, por unha banda, a materia prima das obras de Romuald Hazoumè —botes de produtos de uso industrial ou doméstico, que reciclaremos converténdoo nun retrato ou na representación dun obxecto— e por outra, a idea de eslogan, frase curta ou mensaxe que vimos nalgunhas das obras, como as de Tiravanija, Mavis Müller, o movemento Nunca Máis, El Roto, Hemauer & Keller, Saro-Wiwa...

Divididos en pequenos grupos, e coa axuda de distintos materiais dispoñibles no taller, crearemos a partir de botes de plástico de deterxente ou similares un 'obxecto parlante', sexa un rostro humano, un barco, ou un animal, que leve incorporada unha frase curta que incite á acción por un futuro mellor. Á hora de compoñer a frase poñemos en común as palabras, eslóganés e termos que temos recollido durante a visita, e intentamos resumilas nunha soa mensaxe que conteña como máximo catro palabras, e que incorporaremos nalgún lugar do noso 'retrato'. Por exemplo 'MENOS xxxx MÁIS xxxx' (ou viceversa).



SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, ou da web www.marcovigo.com, á atención de:

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Departamento de Comunicación e Didáctica
Príncipe 54
36202 Vigo
Tel. +34 986 113900
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com
www.marcovigo.com